

PRESENTACIÓN MATERIA

Materia	QUÍMICA	Curso	2º BAC
----------------	----------------	--------------	---------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	TERMOQUÍMICA EQUILIBRIO QUÍMICO ÁCIDOS E BASES(I)
2ª Avaliación	ÁCIDOS E BASES(II) PROCESOS REDOX.ELECTROQUÍMICA ESTRUTURA ATÓMICA DA MATERIA
3ª Avaliación	ENLACE QUÍMICO QUÍMICA DO CARBONO CINÉTICA QUÍMICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento , publicada na web do centro

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar os contidos realizaranse distintas probas escritas. En cada trimestre farase un exame por tema impartido (ou cando haxa contidos suficientes) dos que figuran na secuenciación de contidos correspondentes a dito trimestre. Obterase unha primeira cualificación C_1 como media aritmética das cualificacións de ditas probas. Pouco antes de rematar a avaliación realizarase unha proba xeral de toda a materia impartida no mesmo da que sairá unha cualificación C_2 . A cualificación C_3 da avaliación será o resultado da seguinte expresión:

$$C_3 = \frac{C_1 + 2C_2}{3}$$

Se $C_3 < 5$. O alumno/a poderá recuperar a materia correspondente a dita avaliación nunha proba de recuperación que se fará nunha data a determinar e antes da seguinte avaliación.

A dita proba poderá presentarse todo o alumnado, incluídos os alumnos aprobados, aos cales, en ningún caso, se lle baixará a nota que tiña na avaliación correspondente.



No que respecta á 3ª avaliación, farase una proba (proba A) que abrangue todos os contidos impartidos no trimestre ,antes da proba de avaliación na data fixada pola dirección do centro. Nesta última , farase unha proba final na que se avaliarán contidos das tres avaliacións. Todo o alumnado terá que facer os contidos da terceira avaliación (proba B).

A nota do exame da terceira avaliación será a media aritmética da proba A e proba B,(C₂).

A cualificación do terceiro trimestre obterase do mesmo xeito que nos anteriores .

O alumnado que teña a primeira e/ou a segunda avaliación suspensa ou mesmo acceda a subir nota, tamén poderá facer nesa proba final a parte correspondente a eses trimestres e poderá recuperalos ou mellorar a súa nota .

Se a cualificación é igual ou superior a 5 nas tres avaliacións, considerarase que o/a alumno/a acadou os obxectivos do curso. A cualificación final da materia será a media aritmética das obtidas nas tres avaliacións.

En caso de avaliación negativa, e dicir, se ten unha cualificación inferior a 5 na avaliación ordinaria, ten dereito a unha proba na avaliación extraordinaria de xuño. A proba abranguerá tódolos contidos da materia do curso e considerarase superada se a nota é igual ou maior que 5.